

**ACTA PROVISIONAL DE SELECCIÓN DE ALUMNADO, REF: PROXECTO ERASMUS+**

N.º: 2020-1-ES01-KA102-079982.

Reunida a comisión avaliadora do centro educativo CIFP As MERCEDES, con enderezo en Av.da de Madrid, 75-27002 Lugo.

## ACORDA:

- 1.- Aplicar as regras indicadas no Anexo I (adxunto) para o procedemento de selección.
- 2.- Gardar as probas documentais sobre o proceso de selección seguido, que poderán ser solicitadas pola Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional no caso de revisión documental ou auditoría solicitada polo SEPIE ou outro organismo competente.
- 3.- Que os estudantes deste centro, seleccionados **provisionalmente** para participar como beneficiarios dunha beca a través do Consorcio de mobilidades da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades ó abeiro do proxecto arriba referido son:

**1.- Ana Valdés Oñobre-----10 puntos.**

**2.- Marcos Lombardía López-----7,75 puntos.**

- 4.- Que os estudantes de reserva son: Non hai estudantes de reserva
- 5.- Establecer un periodo de 5 días naturais para posibles reclamacións.

E para que así conste asínase o presente documento.

O director do CIFP As Mercedes

O secretario/a da comisión avaliadora

As.do: Joaquín Expósito López

As.do: Félix Méndez Teijeiro

Lugo a 21 de decembro de 2022

## ANEXO I

**Criterios de selección de estudantes para a participación como beneficiarios dunha beca dentro do Consorcio de mobilidade do proxecto N.º 2020-1-ES01-KA102-079982 no marco do programa Erasmus+ da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.**

A selección farase en base ós seguintes criterios recollidos no artigo 5 da resolución da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

**1. Expediente académico (máximo 4 puntos). Terase en conta a nota media obtida polo/a estudante no primeiro curso do ciclo formativo. No caso do alumnado que teña cursado o segundo ano académico, terase en conta a nota media dos dous cursos.**

- Se a nota media é de 6 ou menos: 2 puntos.
- Se a nota media é de máis de 6 e menos de 8: 3 puntos.
- Se a nota media é de 8 ou máis: 4 puntos.

**2. Competencias lingüísticas no idioma do país de acollida ou idioma de traballo, no caso de que sexa diferente a do país de acollida (máximo 4 puntos).**

A valoración das competencias lingüísticas farase tendo en conta as seguintes variables:

- a) Nota media do/a alumno/a no primeiro curso, no caso de que o idioma de traballo estea incluído no currículo do ciclo.
- b) Certificacións de competencias lingüísticas aportadas.
- c) Probas realizadas no propio centro, no caso de que non teña certificación de competencias lingüísticas.
- d) Calquera outro método para probar as competencias lingüísticas decidido polo comité de selección.

**3. Competencias persoais e actitudes (máximo 4 puntos).**

O comité de selección considerará para este criterio a valoración das actitudes e comportamento do alumnado, tendo en conta as opinións e a información dada por aqueles que ensinen ao estudante en particular, dando máis puntos a aqueles alumnos/as considerados/as baixo este criterio máis adecuados para formar parte destas mobilidades.

Deberase obter neste apartado un mínimo de 2 puntos para poder ser seleccionado.

**4. Outros.**

No caso de empate nos méritos darase prioridade, pola seguinte orde:

- 4.1 Aos estudantes de contornas socioeconómicas menos favorecidas.
- 4.2 Aos estudantes que nunca participaran nas mobilidades do Programa Erasmus+.